

PROXECTO DE INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA EN LÍNGUA GALEGA
A DESENVOLVER NO CURSO ACADÉMICO 2006-07
“*NORMALIZACIÓN DO GALEGO NA HOSTALARÍA RIBADENSE*”
PRESENTADO POLO *IES PORTA DA AUGA DE RIBADEO*

1- PRESENTACIÓN

O presente proxecto preséntase ao abeiro da resolución conxunta do 3 de outubro de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaria Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases e se convocan premios a proxectos de innovación lingüística en lingua galega para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso académico 2006-07.

Este proxecto consiste na elaboración de material escrito en galego destinado á hostalaría local, principalmente negocios de restauración, da vila de Ribadeo. Presentámolo, polo tanto, baixo o título *NORMALIZACIÓN DO GALEGO NA HOSTALARÍA RIBADENSE*.

Coincidimos plenamente coa parte expositiva desta Resolución en que o obxectivo da Lei de normalización lingüística, de garantir a todo o alumnado a capacidade de utilización das dúas linguas oficiais (galego e castelán), se atopa coa traba, en canto ao galego, de que *“non é posible acadar plenas competencias comunicativas nun idioma que non se practica de maneira habitual, por moito que este se estude como materia obrigatoria do currículo escolar. Así pois, para garantir o coñecemento da lingua galega, resulta imprescindible desenvolver actitudes positivas cara ao seu emprego, así como habilitar outras medidas que favorezan o seu uso oral e escrito dentro e fóra das aulas.”* A ese obxectivo de desenvolver actitudes positivas cara ao uso do galego vai enfocado, basicamente este proxecto.

E con esa creación de actitudes positivas referímonos tanto ao entorno –titulares e traballadores dos negocios de hostalaría de Ribadeo así como á abundante clientela que fai uso dos seus servizos-, como ao ámbito interno do centro, especialmente no referido ao alumnado. Neste último caso, cremos que esas actitudes positivas se van xerar xa ao longo de todo o proceso de posta en marcha e de elaboración de materiais –ao ir constando o interese social do traballo que se estea a facer-, como no momento de facer pública a campaña, dando a coñecer os resultados, para que a partir de aí poidan pasar a ser patrimonio, non xa só do persoal vinculado ao sector, senón do público en xeral.

Polo tanto, aínda que dunha primeira visión superficial se poida derivar que se trata dun proxecto moi enfocado cara afora da comunidade educativa, consideramos que non é así, senón que ese aspecto esóxeno –moi positivo en canto ao aspecto xa de por si crucial dos usos sociais do galego en xeral-, de reforzamento positivo, vai ter tamén

unha clara translación e repercusión interna. É dicir, que coa realización deste proxecto pensamos que se pode conseguir no seo da comunidade educativa un cambio de consideración en positivo da nosa lingua máis importante do que a veces se logra de actuacións positivas circunscritas ao ámbito interno do centro, pero que non se ven contrastada con esa repercusión social fóra do ámbito educativo, da que carecen.

Aquí chegamos a un aspecto primordial: ¿imos ser capaces, desde un Instituto, de elaborar uns materiais o suficientemente atractivos para o seu uso por un sector ubicado nunha vila turística con grande parte da clientela de fóra do país e da colindante comunidade asturiana? Para responder a esta pregunta diremos que somos conscientes de que **necesitamos elaborar uns materiais gráficos atractivos**, que melloren os que se usan actualmente, e que ademais fornezan a información en **varios idiomas: galego, español, francés e inglés**.

Para que o sector utilice eses materiais, e o traballo non quede abandonado no caixón das boas intencións, estes débenselle entregar xa listos, elaborados con calidade profesional, para o que será necesario recorrer a **empresas de deseño e edición gráfica**. Polo tanto compre recorrer á colaboración de outras institucións. Foi por isto polo que establecemos contacto co **Concello de Ribadeo**, a través dos responsábeis políticos e técnicos da Área de Desenvolvemento Local e do Servizo de Normalización Lingüística. A través destes departamentos municipais, o Concello encargaríase dos contactos co sector e do necesario financiamento do groso da campaña –ben sexa con fondos propios ou buscando axudas de outros organismos-. No momento de redactar este proxecto temos o **compromiso** nese sentido dos/das responsábeis políticos de ambas áreas, para o caso de que o noso grupo obteña o premio ao que nos presentamos e corra coa súa parte do traballo, como veremos.

Consideramos que se poden seguir suscitando interrogantes, para nós importantes. Un faría referencia a se é realmente unha **actividade propiamente normalizadora do galego** o ofrecemento dun material que vai estar ademais en outros tres idiomas: español, francés e inglés. A este respecto hai que dicir que consideramos que de non facelo así, ofrecéndoos só en galego ou en galego e castelán, serían moi poucos os establecementos interesados en facer algo do que non ven moi claras as vantaxes. Polo tanto, **o uso desas outras tres linguas a bo seguro que resultará un outro acicate necesario** para que os titulares dos negocios se acollan á campaña.

Seguindo coa estimación do interese normalizador da iniciativa, intentaremos situarnos na casuística dun cliente dun local, para o que –evidentemente- se poden dar dúas posibilidades: que sexa galego ou non. No primeiro caso verá o idioma propio do país destacado graficamente e situado á altura de outras tres linguas propias de estados europeos. Este feito, ademais das cuestións referidas á posta en valor da nosa lingua e cambio de aptitudes, será ademais unha **clara invitación ao uso do oral do galego**, axudando ademais a recuperación de vocabulario. No caso de ser ese cliente doutra comunidade ou de fóra do Estado, podería facer uso de calquera das linguas que lle

resultase coñecida, pero podería darse conta de que o galego existe como lingua en proceso de normalización.

Outra pregunta que nos podemos facer é se, para que esta actividade normalizadora se realice, é necesario apoiar con un premio a este proxecto que se presenta. A pregunta é lóxica, afirmando como o facemos nós que o Concello de Ribadeo estaría disposto a prestar financiamento e apoio loxístico. A este respecto diremos, aínda que sabemos que non se pode demostrar, que fomos nós os que contactamos co Concello, e de que lle fixemos comprender da importancia do traballo que nos a tocaría realizar como Instituto: elaboración dos textos e axuda no financiamento total dos custos da campaña. Vemos **moi difícil que, de non contar coa esa nosa parte, o Concello se involucre** na realización dunha campaña deste tipo.

2.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A realidade lingüística do centro ten como indicador positivo o feito de que a maioría do alumnado é galegofalante. En canto ao profesorado, temos como indicador negativo o feito de que existe presenza relevante de profesorado que non posúe a competencia lingüística e/ou o interese para levar a cabo a normalización que a Administración demanda, sendo este un dos principais atrancos cos que nos atopamos.

Tendo en conta este punto de partida, o Plan de Normalización vai encamiñado a acadar dous obxectivos básicos:

- a) Consolidar a lingua de partida da maioría dos rapaces/as vencendo esquemas diglósicos, tratando de atraer para o uso do galego a aqueles rapaces que non o utilizan nin oralmente nin por escrito.
- b) Tratar de mellorar a competencia lingüística do profesorado, tentando desterrar prexuízos lingüísticos latentes, dándolle prioridade inmediata a aquelas materias que por lei deben impartirse en galego.

En canto ao entorno, a área circundante e o concello de Ribadeo é maioritariamente galegofalante, aínda que como no resto do país asistimos á diferenciación de usos propia da diglosia, a un deterioro do galego oral e a unha perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e despoboamento do rural. Como trazo diferencial con outras localidades do país está o feito do importante aumento de poboación procedente da veciña comunidade de Asturias, que non senten o galego como idioma propio e que, incluso no caso de aqueles falantes do *galego de Asturias*, non o transmiten aos seus fillos/as.

Ribadeo, como vila de servizos, ten unha área de influencia que supera en Galiza a comarca da Mariña Oriental, da que é cabeceira, e se estende en Asturias a maioría dos concellos do Occidente. Paradoxalmente, eses lazos con Asturias a pesares de ser de estar Ribadeo nunha posición de centro de servizos, en vez de incidir a favor da

conservación do *galego de Asturias*, desgraciadamente teñen unha translación negativa de cara ao uso da nosa lingua.

Conta ademais a nosa localidade cunha moi importante **actividade turística en clara expansión e é, por outro lado, a entrada Norte en Galiza**. Dispón a vila dunha puxante actividade hostaleira, e cun máis de trinta restaurantes de todos os niveis, aparte dos múltiples hoteis de todas as categorías, casas de turismo rural e bares que ofrecen comidas. Son estes datos importantes se pensamos que nos debemos concienciar de que **a nosa cultura, idiosincracia e idioma propios, lonxe de constituír ningunha rémora, son un haber de primeiro orde a explotar** turisticamente, como fan noutros lugares.

3.- OBXECTIVOS A CURTO E LONGO PRAZO

A curto prazo como obxectivos internos, ou sexa, en relación co centro educativo temos:

- a) concienciar á comunidade educativa do IES, especialmente ao alumnado, de que o **galego é unha lingua que pode servir perfectamente de soporte de actividades ben deseñadas, realizadas con calidade, modernas e ata con un toque *cosmopolita***.
- b) a realización dunha labor transversal que afecte a toda a área lingüística, que sirva para que o alumnado poida ver que o galego é quen de aparecer dignamente á par que calquera outra lingua.
- c) mostrar ante o alumnado **o noso idioma vende e ten interese e utilidade social**.
- d) lograr que se faga consciente de que **o futuro da lingua non vai ser indiferente á nosa actuación social concreta**, e que a nosa participación e uso individual van ser elementos positivos na recuperación de usos.
- e) en xeral, potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara ao noso idioma.

A medio e longo prazo habería que buscar outro tipo de actividades factíbeis de realizar para manter este impulso normalizador, como podería ser a elaboración de material informatizado galeguizado para uso dunha moderna actividade, como é a realizada polas empresas de xestión de comunidades de propietarios de pisos, con tradución automatizadas por se en algún caso fose necesario para vencer algunhas resistencias, etc.

En canto ao medio social, como obxectivo concreto a curto prazo sería o de que a maioría dos establecementos se sumasen á campaña, valendo como obxectivos xerais os sinalados anteriormente, contribuíndo a unha dignificación e aumento de usos. Como obxectivo a medio prazo estaría o de que outros establecementos seguiran este tipo de iniciativa, mantendo o contacto co Instituto, desde o que se lles podería axudar na

tradución de materiais en caso necesario, o que, sen dúbida resultaría un aliciente para o alumnado e algo moi positivo de cara a manter o prestixio do labor do centro educativo.

Trataríase en suma de **vencer prexuízos en canto ao uso do idioma**, e de contribuír a xerar en pequena medida un proceso de retroalimentación ámbito educativo – sociedade a favor do proceso normalizador.

4.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

O proxecto consiste na elaboración de todo tipo de **materiais para os negocios de restauración**, como **cartas de menús** (diferenciando basicamente entre as máis simples, propias dos bares de tapas, e as *de libro*, dos restaurantes propiamente ditos), salvamanteis (nos restaurantes máis populares), **autocolantes** co lema da campaña, ...

A campaña no Instituto comezaría coa facilitación por parte da Area de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo das cartas dos restaurantes interesados. A continuación os alumnos en varios grupos de tres-catro, procederían con carácter voluntario a realizar o labor de tradución, fóra de horario de clase (pode haber algún caso no que esa tradución encaixe dentro da programación de curso e se faga algún exercicio como práctica de clase).

O profesorado participante, en uso das 50 horas recoñecidas como de participación en procesos de formación, limitaríase a realizar o moi importante labor de supervisión, asesoramento e garantía final de corrección da tradución feita. Prestaríase especial atención a manter clara a **separación entre o labor do estudante e o do profesor, xa que a actividade quedaría desnaturalizada en caso de que o profesor pasase a realizar o labor corresponde ao alumno**. Por parte do coordinador deberá coidarse de que esta circunstancia non chegue a producirse. Procederá a establecer un calendario negociado entre o alumnado e profesorado ata cubrir ese total de número de horas.

Como o labor do **alumnado terá carácter voluntario**, esa labor do profesor abranguerá ao traballo de distintos grupos. Cada grupo realizará unha fracción, agora aínda de imposible estimación, do traballo total. O profesor deberá realizar unha labor de apoio e control con recoñecemento de 50 horas de formación.

Debido ao carácter voluntario da participación do alumnado, no caso de obtención do premio, haberá que custear -con cargo a unha fracción do importe do mesmo- actividades de motivación, como poden ser algunha viaxe lúdico-cultural, doazón de bens ou artigos de interese cultural, ...que incidan a favor da normalización do noso idioma. Outra importante fonte de motivación para o alumnado será, sen dúbida, o recoñecemento do seu labor na presentación pública ante os medios de comunicación da campaña, a realizar unha vez finalizados e listos para a entrega os materiais referidos.

Para a elección do **lema da campaña realizarase un concurso de ideas** entre o alumnado participante, co fin de escoller un lema que xogue con conceptos como *galego-Galiza, sabor-gusto, atención-trato esmerado, ...*e a palabra *Ribadeo*.

Os cálculos estimados de periodicidade e de utilización das 50 horas recoñecidas ao profesorado como de participación en actividades de formación son:

1) DECEMBRO:

- a) Recepción de cartas e materiais e organización dos mesmos buscando similitudes. **(2h.)**
- b) Explicación da campaña entre o alumnado, recollida de datos dos participantes, organización de grupos e asignación dos materiais a traducir por cada grupo. **(2h.)**

2) XANEIRO A MARZO

- a) Presencia do profesorado participante no IES co alumnado, realizando labores de control e asesoría no proceso de elaboración de textos (martes ou xoves, de 16 a 18 h.) (12 sesións por 2h/sesión = **24 h.**)
- b) Corrección e garantía da calidade da tradución, para o que en ocasións haberá que facer consultas, etc. (1 h. por cada unha das 12 sesións anteriores = **12 h.**)
- c) Reunións de seguimento por parte do profesorado, para avaliar a marcha do proxecto e, no seu caso, detectar os aspectos a corrixir na execución do mesmo e acordar medidas correctoras (2 reunións, unha en xaneiro e outra en febreiro, de 1 hora de duración = **2h.**)
- d) Valoración dos lemas presentados ao concurso de ideas para dar nome á campaña e elección da idea gañadora ao longo do mes de marzo (**1 h.**).
- e) Reunión de planificación das actividades de motivación do alumnado, probabelmente en febreiro, aínda que pode adiantarse ou adiarse, en función do que se perciba entre os alumnos/as participantes (**1 h.**).
- f) Elaboración definitiva dos cuestionarios de avaliación da actividade, segundo se explica no apartado número 7 deste proxecto, valoración de respostas e obtención de conclusións sobre a actividade realizada (3 reunións de 1h. = **3h.**).

3) ABRIL

- a) Reunión para a elaboración de diplomas e organización dos materiais a entregar como recordo da súa participación a cada alumno/a participante no acto de presentación pública da campaña, así como organización da participación dos membros da comunidade educativa do IES no mesmo (**2h.**).
- b) Participación no acto final de presentación de campaña (**1 h.**).

5.- UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO INSTITUTO

a) Profesorado

Para a óptima plasmación do proxecto faise necesaria cando menos a participación de algún membro do profesorado de cada unha das catro linguas vehiculares: galego, español, francés e inglés. Como xa se explicou, está previsto realizar dúas reunións de posta en común e avaliación da marcha do proxecto, co fin de introducir as correccións necesarias no seu caso.

Tal e como indicamos no anexo, os profesores comprometidos á participación son:

- Aenlle Conde, José Manuel Departamento: INGLÉS
- Alonso Leivas, Pilar..... Departamento: LINGUA GALEGA
- Fernández Vázquez, Manuel..... Departamento: LINGUA ESPAÑOLA
- Gallego Rodríguez, Julia Departamento: FRANCÉS
- López Fernández, Isabel..... Departamento: LINGUA GALEGA
- Méndez Lombardía, Eva.....Departamento: LINGUA GALEGA
- Polo Losada, Delia Remedios Departamento: LINGUA GALEGA
- Coordinador : Martínez Pérez,AnxoDisciplina: Administración de Empresas

Convén sinalar que existe unha **certa polivalencia a efectos de coñecemento de idiomas dentro do grupo** anterior, con polo menos dúas persoas de Lingua Galega e o propio coordinador, que posúen o Ciclo Elemental de Inglés superado en Escolas Oficiais e Idiomas, estando dúas delas cursando 4º curso; unha persoa –o profesor de LINGUA ESPAÑOLA- con un moi bo nivel de Francés, dado que por circunstancias persoais residiu e reside en Franza temporadas moi amplas dos seus períodos vacacionais; varios profesores que estudaron francés e conservan un certo nivel ... Este feito, podería servir de apoio ou complemento ao labor dos profesores de Inglés e Francés, en caso necesario.

b) Alumnado

Dos 266 alumnos/as matriculados no IES, convén aclarar que a actividade se dirixiría ao alumnado de ESO e Bacharelatos, dado que son os que contan con ensinanzas lingüísticas no seu currículo. En principio, sobre os demais alumnos, de Ciclo Medio de Xestión Administrativa, de Ciclo Superior de Administración e Finanzas e do Programa de Garantía Social de Carrozaría, dado que non cursan linguas, considérase moi difícil a súa participación.

A **estimación do nº de alumnos participantes, unha vez testeados os listados** por parte do profesorado, é a seguinte:

- 1º ESO: 47 alumnos/as matriculados.....nº estimado de participantes: 11 (22'4 %)
- 2º ESO: 34 alumnos/as matriculados.....nº estimado de participantes: 8 (23'5 %)
- 3º ESO: 32 alumnos/as matriculados.....nº estimado de participantes: 8 (25'0 %)
- 4º ESO: 48 alumnos/as matriculados.....nº estimado de participantes: 11 (22'9 %)
- 1º Bacharelatos: 16+14=30 alumnos/as matric.....nº estim. participantes: 7 (23'3 %)

-2º Bacharelatos: 10+14=24 alumnos/as matric....nº estim. participantes: 6 (25'0 %)

O total estimado é de 51 alumnos.

c) Recursos materiais

En canto aos recursos materiais utilizaranse os libros, dicionarios, ordenadores conectados a internet, ... dos que se dispón, recorrendo a mercar algún material específico deste tipo ou similar (libros ou revistas de cociña en francés ou inglés) en caso de detectar algunha carencia.

6.- COLABORACION COAS INSTITUCIÓN DO CONTORNO

A colaboración principal establecerase coa **Área de Desenvolvemento Local e co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ribadeo**. A través destes departamentos establecerase e manterase o **contacto** coas asociacións do sector de hostalaría e, en particular, **cos establecementos interesados**. Froito deses contactos, o grupo de traballo no centro recibirá os materiais sobre os que traballar e as suxestións do sector en xeral e dos establecementos en particular. En caso necesario, o coordinador do grupo manterá os contactos oportunos para dispoñer de información directa.

Así mesmo, como xa se dixo anteriormente, o Concello encargárase de aportar o principal do financiamento da campaña –ben sexa con fondos propios ou buscando axudas de outros organismos-. Achegamos documento xustificativo do **compromiso** existente neste sentido.

7.- PLAN DE AVALIACIÓN

Realizarase unha **avaliación continua** da marcha do proxecto, a través de reunións a varios niveis:

- a) reunións do **profesorado** participante,
- b) reunións do profesorado cos **alumnos/as** participantes,
- c) contactos, por parte do coordinador, cos **titulares dos establecementos** adheridos ao proxecto e
- d) reunións cos responsábeis da **Área de Desenvolvemento Local** e do **Servizo de Normalización Lingüística** do Concello de Ribadeo.

Ao final do proxecto entregaranse senllos **cuestionarios anónimos** a cubrir por cada membro participante de cada un dos tres seguintes sectores: alumnado, profesorado e donos dos establecementos hostaleiros. Os cuestionarios deberán estar **correctamente realizados desde do punto de vista técnico**, en base a preguntas semi-abertas ou semi-cerradas e de avaliación, fáciles de contestar e que permitan a obtención de información obxectiva e fácil de manexar para extraer conclusións válidas en canto aos aspectos referidos ao traballo feito, dificultades encontradas e aspectos a corrixir. De presentar un borrador de cuestionarios para a súa posíbel mellora en reunión por parte do profesorado participante, encargarase o coordinador do proxecto. Igualmente, coa

mesma finalidade, se lle pasará un cuestionario aos responsábeis da Área de Desenvolvemento Local e do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ribadeo.

Os resultados dos cuestionarios tabularanse coa colaboración do alumnado participante, para posteriormente, por parte do profesorado participante, obter **conclusións válidas de cara a mellorar no futuro en canto a posíbeis actividades** de colaboración similares con alumnado, sectores sociais e institucións en particular, e no referido a actividades de normalización de usos da lingua en xeral..

Outros aspectos referente á avaliación final virán dados por:

- a) número de establecementos adheridos á campaña,
- b) número de alumnos/as,
- c) número de profesores/as e
- d) repercusión público-mediática da campaña.

8.- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O **profesorado participante**, ao ser **especialista en algunha das linguas de referencia**, xa ten a formación necesaria para abordar a súa parte específica dentro do proxecto, polo que **non se consideran necesarias actividades de formación específica**. Cabe a posibilidade de que en algún caso necesiten apoio para a resolución de algunha dúbida concreta, para o que se podería recorrer ao Centro de Formación e Recursos de Burela, Escola de Idiomas de Ribadeo, lectores de galego ou español en Franza ou en Gran Bretaña ou lectores de francés ou inglés na Galiza, nativos deses países, etc.

9.- MEDIDAS QUE SE TENTAN TOMAR PARA DIFUNDIR O PROXECTO

Unha vez que os materiais estivesen rematados e listos para repartir entre os establecementos adheridos, realizarase unha **presentación pública con participación do alumnado, profesorado, responsábeis dos servizos municipais afectados, titulares dos establecementos adheridos e representación institucional do IES Porta da Auga e do Concello de Ribadeo**. A esa presentación estarían invitados os pais e nais dos alumnos/as participantes.

Así mesmo, entregaríase a cada alumno participante unha copia impresa do seu traballo e un diploma acreditativo da súa participación.

Ribadeo, 2 de novembro de 2006

O DIRECTOR

Alfonso Piñeiro Funcasta

O COORDINADOR

Anxo Martínez Pérez